



SETESTRELO

ACTA DO XURADO DOS PREMIOS MANUEL GÓMEZ ROMÁN 2015

Sendo as 12,00 horas do día 12 de decembro de dous mil quince, reúnense na sede da Asociación de Amigos do Castelo de Maceda en Ourense os membros do xurado da edición 2015 dos Premios Manuel Gómez Román: D. FRANCISCO NÓVOA RODRÍGUEZ, (Presidente da Asociación), D. RUBEN QUINTAS RODRÍGUEZ (Alcalde do Concello de Maceda), D. ALBERTO DE PAULA PRIETO (Arquitecto e Presidente do COAG en Ourense), D. XAN XOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (Arquitecto e Membro honorífico de "Setestrello"), D^a LOLA PELÁEZ (Arquitecta), D. MANUEL Á. JORRETO DÍAZ (Arquitecto), D. ARTURO LAGOA NÚÑEZ (Arquitecto e vogal), D^a EMMA NORIEGA GARCÍA (Arquitecta), e D. XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ (Presidente do Foro Enrique Peinador e Membro honorífico de "Setestrello"), na súa condición de vogais e D^a. CARME PÉREZ VAQUERO, membro da asociación que actuou como secretaria.

Logo de deliberaren sobre as propostas presentadas acordan conceder os Premios Manuel Gómez Román na súa IV edición a:

1. Na modalidade de **EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS REHABILITADAS OU RESTAURADAS** ao **Proxecto de REHABILITACIÓN DE VIVENDA PARA CASA DO PARQUE DAS FRAGAS DO EUME-MONFERO (A Coruña)** redactado polos arquitectos SABÍN-BLANCO ARQUITECTOS SLP, nomeadamente D. Enrique M. Blanco Lorenzo e Dna. Patricia Sabín Díaz, por considerar o xurado que é un proxecto que se integra perfectamente na contorna onde se ubica, respectando e poñendo en valor os volumes existentes, traballando con acerto con materiais do lugar desde a sinxeleza, a discreción e a orixinalidade e recuperando para novos usos edificacións de arquitectura tradicional sen renunciar a unha linguaxe arquitectónica contemporánea.

